

CIENCIA

de ida e volta

IV Concurso de vídeos
"Youtubers científicos"

Do 13 de decembro de 2024
ao 13 de xaneiro de 2025

Máis información
[ucc.webs.uvigo.es/
ciencia-de-ida-e-volta/](http://ucc.webs.uvigo.es/ciencia-de-ida-e-volta/)



Organiza:

UniversidadeVigo

Unidade de
Cultura Científica


Coa colaboración de:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES





CIENCIA

de ida e volta

IV Concurso de vídeos "Youtubers científicos"

Do 13 de decembro de 2024
ao 13 de xaneiro de 2025

Universidade de Vigo

IV Concurso «Youtubers científicos»

Bases

No marco do Plan anual de actividades da Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i) da Universidade de Vigo «Ciencia de Ida e Volta», que conta coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía-Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, convócase a cuarta edición do concurso de vídeos «Youtubers científicos». As persoas participantes deberán difundir o seu traballo ou outro contido científico ou tecnolóxico nun vídeo dunha forma divulgativa e amena (cun formato *youtuber*).

Que é «Youtubers científicos»?

É un concurso de vídeos da Universidade de Vigo, que ten a finalidade de darlle visibilidade ao traballo investigador e formar en temas de divulgación e comunicación social da ciencia, fomentando a divulgación. Este ano ten dúas categorías segundo as persoas participantes:

1. Para persoal investigador, cunha duración máxima de dous minutos.
2. Para alumnado de ESO e bacharelato, cun único tema: por que a ciencia é relevante para a sociedade?, que non poderá exceder o minuto.

Requisitos de participación

Categoría 1 | Persoal investigador

Poderá participar todo o persoal investigador da Universidade de Vigo. As solicitudes das persoas que incumpran con esta condición desestimaránse.

Se as investigacións estivesen vinculadas a algún acordo de confidencialidade, as investigadoras e investigadores deberán contrastar coas partes implicadas os contidos utilizados no concurso. A Universidade de Vigo non se responsabilizará das infraccións derivadas do devandito incumprimento.

Categoría 2 | Alumnado de secundaria (ESO e bacharelato)

Deberán presentar nun vídeo de menos de un minuto que responda á pregunta: por que a ciencia é relevante para a sociedade?

Premios

O concurso contará con dous premios:

- Premio para o persoal investigador, que consistirá nun lote de produtos de iniciación para elaboración de videoblogs, valorado en arredor de 800 euros.
- Premio de secundaria, que consistirá nun lote de produtos para facer videoblogs, valorado en arredor de 500 euros.

Desenvolvemento do concurso

O concurso desenvolverase entre os días 13 de decembro de 2024 e 13 de xaneiro de 2025. Non se terán en conta os vídeos enviados fóra deste período.

Para poder participar, o persoal investigador ou o alumnado de secundaria terán que enviar os seus vídeos (ou a ligazón da súa descarga) ao enderezo electrónico da Unidade de Cultura Científica e da Innovación (ucc@uvigo.gal) e sinalar no asunto «Participación no concurso de vídeos Youtubers científicos». No corpo do correo será necesario indicar o nome e apelidos completos, DNI e un teléfono de contacto, preferiblemente o teléfono móbil (consúltese a política de datos ao final deste documento).

Posteriormente, subiranse todos os vídeos á canle de YouTube da UCC+i (a partir das 10.00 horas do 16 de xaneiro para a súa difusión e valoración por parte do público).

As votacións do público estarán abertas entre o 16 e o 22 de xaneiro de 2025. A decisión do xurado anunciarase o 24 de xaneiro de 2025.

Regras e instrucións

Cada participante deberá cumprir as seguintes regras e instrucións:

1. O vídeo deberá estar en formato mp4, gravado en horizontal e terá unha duración máxima de dous minutos para a categoría 1 e un minuto na categoría 2.
2. Na categoría persoal investigador, o vídeo debe versar sobre algunha investigación, proxecto ou contido científico ou tecnolóxico. No caso do alumnado, terá que ser sobre a relevancia da ciencia para a sociedade.
3. Poden estar en galego ou en castelán.
4. Poderán utilizar toda clase de elementos que enriquezan a presentación do contido, ilustren ou axuden a captar a atención da audiencia.
5. Os vídeos deben ter un formato divulgativo e ameno, como os empregados por *youtubers*.
6. O vídeo deberá ter unha función divulgativa e achegar contido.
7. Non se poderán presentar traballos realizados por profesionais, axencias ou difundidos ou publicados con anterioridade á data do concurso.
8. Calquera dato ou información proporcionada polos e polas concursantes debe ser susceptible de difusión pública. O envío do vídeo e, polo tanto, a participación no concurso, implica a cesión dos dereitos de imaxe por parte das persoas que aparecen nel.
9. A decisión do xurado será definitiva e inapelable.
10. O vídeo deberá enviarse entre as 0.00 horas do 13 de decembro e as 10.00 horas do 13 de xaneiro.
11. Todos os vídeos subiranse á canle de YouTube da UCC+i a partir das 10.00 horas do 16 de xaneiro de 2025.

Xurado e criterios de valoración

O xurado estará composto por un mínimo de tres persoas de diferentes áreas de coñecemento e unha delas será experta en comunicación.

Os criterios de valoración serán comúns para ambas categorías:

1. Contido (máximo 5 puntos): emprego dunha linguaxe sinxela (evitando tecnicismos e xerga científica) e divulgativa que permita a comprensión do contexto, do tema e a súa importancia por un público non especializado. Uso dunha estrutura lóxica e atractiva. Non banalizar o contido da investigación: este debe ser divulgativo, próximo pero rigoroso.
2. Creatividade (máximo 5 puntos): uso adecuado e atractivo de elementos que enriquezan o contido. Presentación atraente para que o público desexa coñecer máis.
3. Calidade técnica (máximo 5 puntos): valorarase a calidade do son e da imaxe do vídeo, tendo en conta que se poderán presentar contidos gravados cun dispositivo móbil.
4. A valoración do público, isto é, os vídeos de cada categoría que teñan máis *likes* partirán de 10 puntos.

O xurado poderá declarar deserto calquera premio, así como conceder premios *ex aequo*.

Consideración final

O incumprimento das bases da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou manipulación, poderá ser causa de desestimación e, no seu caso, de devolución do premio percibido.

Política de protección de datos

Os datos persoais solicitados recóllense coa única e exclusiva finalidade de permitir e facilitar a participación neste concurso e poder comunicarlles o seu resultado ás persoas participantes no tempo e na forma.

Estes datos son recollidos e tratados pola Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo. Máis información sobre protección de datos e dereitos dixitais:

- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Información sobre protección de datos da Universidade de Vigo: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>